



---

**ASUNTO: Consideracións ao Borrador da Lei de Montes para Galicia**

**Sr. Conselleiro da Consellería do Medio Rural  
Santiago de Compostela**

**DNA. XXXXXXXXXXXXXXXX**, con D.N.I nº XXXXXXXXXXXXX actuando en nome e representación da Asociación **AMIGOS DA TERRA**, entidade sen ánimo de lucro e con enderezo a efectos de notificacións na rúa da Concordia, 20 – 2º esquerda, C.P. 32003 OURENSE, aos efectos oportunos e como mellor en Dereito proceda, comparezo e de conformidade coa Lei 30/1992 do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como a Lei 27/2006, do 18 de xullo, sobre o dereito ao acceso á información ambiental, o dereito de participación da cidadanía e o dereito de acceso a xustiza,

**EXPÓN:**

Tendo en consideración que o borrador da Lei de Montes de Galicia (maio de 2011) está a exposición pública e diante da importancia que a devandita lei ten para o conxunto de Galicia, remitimos o seguinte documento no tramite de presentación de alegacións e propostas para que sexan admitidas pola Consellería do Medio Rural.

**Consideracións Previas**

A Consellería do Medio Rural elaborou e sacou a luz pública o borrador da Lei de Montes a aplicar en Galicia no mes de maio de 2011. Feito que se produce despois da aprobación definitiva polo Congreso dos Diputados, 6 de novembro de 2002 da Ley 43/2003 Lei de Montes estatal, modificada posteriormente na Ley 10/2006 .

Até agora tivemos como norma para a conservación, mellora e aproveitamento dos espazos forestais a Lei de Montes de 1957, máis de medio século coa mesma lei de montes o cal demostra a necesidade de elaborar unha norma axeitada para os nosos montes polo dilatado no tempo da aplicación das lexislacións forestais.

O feito de que non exista hoxe en día unha lei de montes galega, non quere dicir que non haxa lexislación propia na materia, xa que dende 1989 véñse aplicando a Lei 13/1989, de Montes veciñais en Man Común, que supuxo un fito fundamental na devolución dos montes veciñais ás comunidades



de montes, e que ven regulando a súa clasificación, órganos de goberno, principios de funcionamento e xestión...

Como tamén podemos citar a lei 9/2001 de conservación da natureza, que en moitos aspectos hai que incardinala coa a situación actual de modelos xerais de xestión que poden afectar os nosos ecosistemas naturais.

**PRIMEIRO:** Dende Amigos da Terra Galicia consideramos que: o prazo establecido para recoller as observacións e alegacións que podemos realizar as organizacións e entidades representativas do sector é un período de participación pública notoriamente insuficiente. Insuficiente porque un borrador de lei de tanto calado e complexidade obriga a moitas das organizacións a uns ritmos de debate sobre os seus contidos excesivamente breves. É insuficiente tamén, se o pomos en relación cos anos que se tardou en xestar a lei. Tampouco na elaboración do borrador da Lei de Montes de Galicia se garante a participación pública dos axentes sociais representativos do sector, eixo básico da política forestal e medioambiental da Unión Europea e en teoría da propia Xunta de Galicia. Realmente non é doado entender a que responden estas presas por parte da Administración Autonómica e moito máis difícil de entender é que a elaboración se realice de maneira unilateral sen ter en conta aos órganos de participación establecidos legalmente.

Dende o punto de vista metodolóxico, á hora de desenvolver unha nova Lei, parecería máis axeitado comezar por elaborar unha estratexia forestal galega, e un novo plan forestal, que establecesen as bases do sector forestal nos seus aspectos productivos e socio recreativos cos de conservación, e unha vez determinados estes aspectos esenciais, redactar a Lei de Montes como un medio para alcanzar os fins e obxectivos previstos na Estratexia e no Plan Forestal de Galicia previamente deseñados.

Tamén consideramos que existen máis Consellerías que deben participar activamente na elaboración dun anteproxecto de Lei, sen que se coñeza previamente os seus posicionamentos (alomenos explicitamente).

**\* Anexo I, sobre Participación Pública na Política Forestal, elaboración da Lei de Montes 43/2003**

Este borrador de lei apenas considera aspectos relativos a sustentabilidade dos espazos e ecosistemas forestais e a conservación da natureza, non aparecendo unha soa referencia a ecosistemas boscosos tradicionalmente explotados polo ser humano en Galicia como poden ser os soutos, de gran valor económico, cultural e etnográfico. Tampouco se integran os conceptos de bosques maduros ou bosques singulares ou a conservación e recuperación dos ecosistemas silvopastorais tradicionais como alternativa ao uso do lume nas zonas de montaña.

Estamos diante dun borrador de Lei de Montes de Galicia cun enfoque que dominou o último século, mais co cambio climático e a posta en valor doutras externalidades que os ecosistemas forestais proporcionan para a vida sobre a Terra, os países decatáronse que os montes cumpren outras moitas funcións que os exclusivamente madeiros e, sobre todo, o enfoque de conservación da natureza e de mantemento da biodiversidade debe de facerse visible e penetrar en tódolos capítulos de calquera lexislación forestal que se precie.

Un borrador de Lei de Montes que non ten serquera en consideración a ruta marcada polo libro Verde sobre Protección de Bosques e Información Forestal que esta preparando a UE, propostas que se poden resumir da seguinte maneira:

• *Entre o 1 de Marzo e o 31 de xullo de 2010 a Comisión organizó unha consulta pública. Recibiu 144 respostas de administracións (19%) organizacións de propietarios forestais (13%), ONGs ambientais (10%), centros de investigación (10%) e industria forestal (8%) entre outros. (5 meses de prazo para estudar e alegar o que considere oportuno).*

### **Sobre la Necesidade de actuar o legislar a escala de la UE**

A proposta do Parlamento Europeo non sai dun respecto máis ben estricto ao principio de subsidiariedade. Isto é, as competencias forestais quedarían nos Estados Membros. Só se solicitaría á Comisión que regule tres aspectos concretos: A saber:

- 1) Sobre adaptación dos bosques ao cambio climático.
- 2) Sobre prevención de incendios forestais, incluíndo orzamento para EFFIS, para infraestrutura, formación e planificación da prevención.
- 3) Sobre información forestal que teña en conta a necesidade de información homoxénea e comparable no contexto de UNFCCC, CBD...

### **Febreiro de 2011. Libro Verde: Proyecto de resolución del PE.**

- 4) PAC: Solicitase que se abran ao acceso a fondos da PAC a agrupacións de propietarios forestais e a entes públicos, así como que incrementen os fondos destinados á protección da biodiversidade nas áreas Natura 2000 e conectores adxacentes.
- 5) Cambio Climático: solicitase que se revisen as neutralidades de emisións da biomasa forestal, e que se establezan criterios de sustentabilidade que inclúan os cambios de uso do solo inducidos. Ademais afirmase cos sistemas de comercio de emisións é incompatible con LULUCF.
- 6) Por outro lado, pide que se evalúen opcións para o desenvolvemento de sistemas de Pagos por Servizos Ambientais.
- 7) Así, propon facer obrigatoria a Xestión Forestal Sustentable ao travesos de Programas Nacionais Forestais.

### **Declaración de Valsaín “Conferencia sobre Protección dos Bosques en Europa”, abril de 2010.**

No borrador da Lei de Montes de Galicia non se segue o recomendado na Declaración de Valsaín ou no Libro Verde.

Dende a óptica de Amigos da Terra Galicia, os grandes desafíos que afronta o sector forestal galego a curto e medio prazo, serían:

1º. A xestión do medio rural nos seus aspectos clásicos (agropecuarios e forestais) e nas súas externalidades (turismo e lecer), e a consecuente necesidade de crear as condicións para que a

xestión integral se poida profesionalizar, creando posibles novos nichos de emprego e consecuentemente novas empresas de ámbito local co fin de fixar poboación no rural.

2º. Atopar fórmulas que permitan por en valor os nosos latifundios (700.000 ha. Ocupadas polos montes veciñais en man común), a Lei 13/89 de MVMC sigue sendo indispensable para o desenvolvemento de amplas zonas do rural de Galicia, en todo caso habería que modificala e adaptála a propia evolución da sociedade, establecendo un novo regulamento.

3º. Buscar formulas consensuadas para superar os obstáculos que para a xestión sustentable supón o minifundio da propiedade forestal particular, para o que cómpre o desenvolvemento de formas de agrupación da propiedade adptadas aos condicionantes socio-económicos de Galicia .

4º. Conseguir que os investimentos públicos no monte, sexan fundamentalmente investimentos ambientalistas e productivos.

5º. Salientar que en Galicia, a práctica inexistencia de propiedade pública forestal, condiciona absolutamente a concepción da xestión do medio rural, polo que a consecución de calquera obxectivo, fai precisa a participación do propietario, sexa particular ou veciño comuneiro. Hai exemplos en Europa do funcionamento dos Consellos Forestais a nivel de Distrito dende o ano 1905, estes Consellos deseñan e promoven a conservación e o aproveitamento dos ecosistemas forestais, o asesoramento aos propietarios e a poboación en xeral, a formación e a educación...

A lei debería limitar o intervencionismo (que non a intervención) da Administración, como se pode comprobar no regulamento da lei de montes veciñais en man común.

Unha Lei que unifique normativas e non de pé a regulacións paralelas. Ser máis claros sobre as competencias e responsabilidades forestais de cada Administración.

**TERCEIRO:** Algúns dos principais puntos que dende Amigos da Terra se estima requirirían un maior nivel de reflexión ou concreción por parte da Consellería do Medio Rural son os seguintes:

### **Sobre a Planificación e Xestión Forestal Sostible**

#### **a) Niveis de Planificación:**

- 1. Estratexia Forestal Galega.*
- 2. Plan Forestal de Galicia.*
- 3. Plans de Ordenación de Recursos Forestais (PORF a nivel de Distrito Forestal).*
- 4. Instrumentos de xestión forestal (a nivel de monte).*

Parecenos lóxico pensar que todos os modelos de xestión teñan que estar dalgún xeito coordinados, e se partimos de que hoxe en día o único que hai e a definición do territorio dos PORF, sería convinte

partir xa de modelos que prevean a integración entre uns modelos e outros (PORF; PORN). O motivo fundamental sería para que as actuacións que fan os particulares non se visen condicionadas no tempo por inspeccións e autorizacións innecesarias se partimos de modelos onde se librase de tantas solicitudes meramente burocráticas. No último nivel de planificación se establecen os “Plans Simples de Xestión”, para superficies inferiores a 15 ha. Parecería excesivo pretender a obriga de universalizar este documento, xa que podería valer de modelo de xestión o PORF, documento suficiente para unha futura certificación co modelo rexional da zona.

Consideramos que os **Montes de dominio público ou demaniais e montes patrimoniais** debe establecerse que: *“teñen a consideración, a efectos urbanísticos, de solo non urbanizable de especial protección”*.

### **Sobre a Gandeiría Mostrenca**

É preciso conseguir facer un marco inviable para o desenvolvemento desta actividade, mediante unha normativa que acabe coa impunidade actual desta actividade, estaríase no camiño de resolver un dos factores estruturais que provocan lumes forestais en Galicia.

Establecemento de un procedemento áxil de retirada de gando non identificado, que pasta en terreos de monte non autorizados, dende ámbitos competenciais e medios dependentes da Administración Autonómica, coa obrigada colaboración das forzas de orden público.

### **Sobre os Seguros Forestais**

Non aparece recollido no borrador da Lei de Montes de Galicia ningunha referencia aos seguros forestais, polo que consideramos que se debe de establecer no texto da Lei de Montes de Galicia, o seu fomento, articulación e posta en marcha, para desenvolvelos de forma regulamentariamente posteriormente.

**A Xunta de Galicia, a traveso do Consorcio de Compensación de Seguros, garantirá a cobertura de indemnizacións por accidente exclusivamente para as persoas que colaboren na extinción de incendios. Recollido no Art. 49. da Lei 43/2003.**

### **Queimas controladas**

A modo de reflexión resulta curioso que na modificación que se pretende sobre a Lei 3/2007 adícase moito espazo a tratar de seguir xustificando as “queimas controladas”, por desgraza un método caduco e hoxe superado ao haber medios materiais, técnicos e humanos que non xustifican o uso do lume no espazo forestal-monte nin no agro. As “queimas controladas” só teñen producido danos aos ecosistemas forestais de Galicia e perdas de recursos económicos e biodiversidade.



As queimas controladas só serán permitidas en casos moi excepcionais. A Consellería do Medio Rural fomentará o uso sustentable do medio buscando alternativas ao uso do lume que aínda se mantén en determinadas zonas do país.

### **Planos de restauración e recuperación de zonas afectadas por incendios forestais**

Non aparece recollido no borrador ningunha referencia polo que tendo en consideración a alta incidencia dos incendios forestais en Galicia consideramos que se debe de incluír.

A Consellería de Medio Rural porá en marcha de forma inmediata plans de restauración e recuperación medioambiental das zonas afectadas polos incendios forestais. Para lograr unha efectiva aplicación deste obxectivo estableceranse convenios e axudas aos propietarios dos terreos afectados para a execución destes traballos.

### **Exencións e Beneficios Fiscais**

Considerando a propiedade especial dos Montes Veciñais en Man Común e dado o papel que cumpren no desenvolvemento rural e os beneficios que aportan ó conxunto da sociedade. Resulta canto menos curioso que os montes veciñais non poidan acollerse a ningunha exención fiscal, polo tanto propomos:

*Procedérase a elaborar unha fiscalidade especial para os montes veciñais en man común que recollan as súas características especiais e as súas funcións.*

### **Axentes Forestais/Axentes Medioambientais**

A falla de sensibilidade, de adaptación as novas demandas socioeconómicas e de falla de sintonía cos territorios do noso contorno fai que no presente borrador da Lei de Montes de Galicia aos “Axentes Forestais” lle adiquen escasas dúas liñas dun texto que ocupa 111 páxinas (artigo 138. Presunción de veracidade).

Na Lei de Montes debería de existir un capítulo específico que estableza a regulación básica dos Axentes Facultativos Medioambientais/Axentes Forestais (AAFFMM AAFF), indicación xa recollida na Estratexia Forestal Española (pax. 158), fai falla unha Lei que regule as funcións desta Escala de funcionarios públicos para clarificar unha situación caracterizada dende fai anos pola inseguridade e a



falla de normalización das funcións deste corpo. ¡Qué mellor que unha Lei de Montes para definir algunhas das competencias e cuestións básicas deste colectivo!, funcionarios públicos o servizo de conservación da natureza cunha historia de máis de 125 anos. Chama moito a atención o grao de descoñecemento e confusión sobre as actividades destes profesionais e incluso da súa existencia no conxunto da sociedade.

Dadas as competencias cada vez máis amplias e complexas, así como o establecemento das liñas de colaboración cos órganos xuridicionais (xulgados e fiscalías de medio ambiente) e coas Forzas e Corpos de Seguridade, a adaptación dos actuais AAFFMM AAFF ao propio desenvolvemento socioeconómico e as novas normativas medioambientais autonómicas, estatais e da Unión Europea. Considero que a denominación destes profesionais encargados da policía, custodia, vixilancia e inspección ambiental do medio ambiente natural sexa a de Axentes Medioambientais, en sintonía coa denominación do resto do Estado e da propia Unión Europea.

Son horas que a Consellería do Médio Rural e o conxunto da Xunta de Galicia recoñeza a Escala de AAFFMM AAFF convertindo a este colectivo de funcionarios públicos nos verdadeiros responsables da custodia, vixilancia e policía dos nosos montes e ecosistemas forestais. Considero que sería positivo que se inclúa na futura Lei de Montes o seguinte en canto ao papel que teñen que cumprir estes funcionarios de conservación do patrimonio natural:

#### CARÁCTER DE AUTORIDADE

Os Axentes Facultativos Medioambientais/Axentes Forestais son funcionarios públicos da Administración Especial da Xunta de Galicia, teñen a consideración de Policía Xudicial dacordo co disposto no art. 283 da Lei de Enxuzamento Criminal e obxentan o carácter de Axentes da Autoridade, sempre e cando presten servizo e no exercicio das súas funcións.

#### ASISTENCIA XURÍDICA

Os AAFFMM AAFF gozarán da representación en xuízo por letrados da Xunta de Galicia así como de asesoramento xurídico cando sexa preciso na realización da súa labora cotiá.

#### ACCESO A PREDIOS FORESTAIS

Os AAFFMM AAFF, no desempeño das súas funcións, poderán acceder ós montes e predios forestais, previa identificación e sen aviso no caso de ser preciso. A obstaculización á labor inspectora de investigación, supervisión, recoñecemento e vixilancia, constituirá unha infracción grave.

#### FUNCIÓNS DOS AXENTES FACULTATIVOS MEDIOAMBIENTAIS/AXENTES FORESTAIS

\* Policía, custodia e vixilancia para o cumprimento da normativa ambiental aplicable, relativa a materia forestal, flora, fauna, pesca, incendios forestais, ecosistemas, augas continentais, zonas de dominio ou uso público radicadas no medio natural, espazos naturais protexidos, xeomorfoloxía, paisaxe e o correcto uso, aproveitamento e tratamento dos recursos naturais e de todo aquilo que afecte o medio ambiente natural.

\* Policía, custodia e vixilancia do Patrimonio Histórico\_Artístico e Arqueolóxico ubicado no medio ambiente natural.



- \* Policía, custodia e vixancia das especies de flora e fauna silvestre.
- \* Policía, custodia e vixancia das especies de flora e fauna autóctona especialmente daquelas incluídas nos Catálogos de Especies Ameazadas ou en calquer outra categoría de protección singular.
- \* Policía e vixancia de animais domésticos que se atopan, tanto no medio ambiente natural como agrícola.
- \* Participación nos traballos de prevención, detección e extinción de incendios forestais.
- \* A investigación e determinación das causas dos incendios forestais.
- \* A inspección e apoio técnico na realización de obras, traballos, servizos, estudos e demais actuacións que teñan encomendados outros servizos administrativos que desenvolvan as súas competencias con incidencia no medio ambiente natural.
- \* Participar nos programas de educación e sensibilización medioambiental, informar e orientar ós cidadáns en tódalas materias relativas ó uso, disfrute e conservación do medio natural.
- \* Elevar as denuncias e actas de inspección correspondentes, actuando de forma coordinada cos Corpos e Forzas de Seguridade, en razón da materia concurrente. Estableceranse protocolos de actuación para optimizar os recursos humanos e materiais, evitando a duplicidade nas actuacións.
- \* Cantas outras funcións lles poidan ser asignadas pola Autoridade Administrativa de quen dependan.

Nos procedementos sancionadores que se instrúan con ocasión de infraccións tipificadas nesta Lei, as denuncias formuladas polos axentes da autoridade que presenciaren os feitos, acompañadas dos elementos probatorios disponibles, e logo de ratificación no caso de ser negados polo infractor, constituirán base suficiente, agás proba en contrario, para adoptar a resolución que proceda.

#### PARALIZACIÓN CAUTELAR

Os AAFFMM AAFF poderán paralizar cautelarmente a realización de actividades contrarias a normativa recollida na presente Lei de Montes, dando conta o órgano competente no termo de corenta e oito horas mediante a correspondente denuncia.

O órgano instructor deberá resolver no termo de quince días a contar dende a recepción da denuncia se alza ou mantén dita medida cautelar, sen perxuízo de poder acordar as dilixencia complementarias que estime oportunas en orde a determinación dos feitos de maneira máis detallada.



## Seguridade e Saúde Laboral

**Seguridade e eficacia son dous conceptos inseparables nos traballos forestais. É preciso levar adiante programas que prioricen a seguridade e a saúde nos Servizos Forestais axeitando a súa situación aos tempos actuais.**

Os Planos de formación enfocaránse especialmente a saúde laboral e a prevención de riscos laborais, cursos avanzados de extinción de incendios forestais, dirección de persoal, estratexias de extinción, coñecemento e uso de maquinaria, ferramentas e vehículos, selvicultura preventiva, conservación de flora e fauna...con estas actividades formativas melloraremos a calidade das actuacións, a conservación dos nosos montes e conseguintemente o valor engadido dos produtos obtidos

É imprescindible pór en marcha cursos de formación específicos para todo o persoal forestal (técnicos, axentes forestais, persoal de prevención-extinción) co fin de reduci-la alta sinistralidade, mellora-la protección individual e colectiva, así como a propia conservación e protección dos recursos naturais e materiais.

**É significativo que, despois de máis de 15 anos de aprobada a Lei de Prevención de Riscos Laborais, nos servizos forestais e de defensa contra incendios forestais da Xunta de Galicia aínda non se fixo a avaliación de riscos e o necesario e imprescindible plan de prevención. Cando se aprobou a lei, a Administración fixouse un prazo de seis meses para aplicala no seu conxunto.**

Debido ó incumprimento da Lei de Prevención de Riscos Laborais, e as normas complementarias e mesmo da normativa laboral básica, danse con frecuencia situacións como:

- \_ Xornadas laborais que exceden en moito o admisible
- \_ EPIs non homologados, xa caducados, ou para aforrar, equipamentos incompletos.
- \_ Condicións precarias en canto a condicións de habitabilidade de instalacións.
- \_ Falta de planos de formación específicos para todo o persoal que melloren tanto a protección individual como colectiva.

A adhesión do Estado español á Unión Europea esixe a aplicación de diferentes directivas comunitarias destinadas a proporcionar unhas disposicións mínimas de seguridade e saúde que garantan a protección axeitada dos traballadores e traballadoras, establecendo as normas que deben de cumprir os EPIs, lugares de traballo, etc.

### ***Directiva marco 89/391***



O 12 de xuño de 1989 publícase no Diario Oficial das Comunidades Europeas a Directiva marco 89/391 CEE do Consello, relativa á aplicación de medidas para promover a mellora da seguridade e da saúde dos traballadores e traballadoras.

O 10 de febreiro de 1996 efectúase a transposición desta directiva e entra en vigor no Estado español a **Lei de Prevención de Riscos Laborais (LPRL)**, Lei 31/1995, consideramos que a LPRL debe de ser de aplicación plena aos colectivos que desenvolven o seu traballo para prever, detectar e extinguir os incendios forestais, ao igual que os Reales Decretos e Regulamentos que a desenrolan.

Dadas as especificidades dos riscos derivados das tarefas que desenrolan estes colectivos de traballadores e traballadoras, habería que desenvolver e concretar a aplicación específica da LPRL

#### ***Directiva do Consello 89/656/CEE***

Esta directiva establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde que garanten unha protección axeitada do traballador e traballadora na utilización dos EPIs.

#### **Directiva do Consello 89/686**

Baseada na Directiva marco, publícase a Directiva do Consello 89/686 que establece as esixencias mínimas e esenciais que deberán cumprir tódolos EPIs independentemente do lugar onde se exerza a actividade. Está recollida na normativa española polo Real Decreto 1407/1992, publicado o 28 de decembro polo que se regula a comercialización e libre circulación intracomunitaria dos equipos de protección individual.

#### **Real Decreto 486/1997, de 14 de abril**

Establécense as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.

En todo o articulado do borrador da Lei de Montes de Galicia (maio de 2011) non aparece unha soa referencia a saúde laboral e a prevención de riscos.

A Xunta de Galicia, a traveso do Consorcio de Compensación de Seguros, garantirá a cobertura de indemnizacións por accidente exclusivamente para as persoas que colaboren na extinción de incendios. Recollido no Art. 49. da Lei 43/2003.

#### **Propiedade pública forestal**

Dada a pouca superficie de propiedade pública de ecosistemas forestais en Galicia, consideramos que se debe de establecer nesta Lei a conveniencia de incrementar a propiedade forestal pública.



Establecer na Lei de Montes de Galicia o Dereito de adquisición preferente, tanteo e retracto de montes de interese pública.

**CUARTO:** Outros apartados que dende Amigos da Terra consideramos se deben incluír na Lei de Montes de Galicia para conseguir un desenvolvemento sustentable dos nosos ecosistemas forestais:

- Facer do Consello Forestal un verdadeiro órgano de participación pública, onde se consensue coa participación efectiva dos representantes sociais as estratexias, planos, normativas...que se teñen que levar adiante para un desenvolvemento sustentable dos nosos montes e ecosistemas forestais. **Crear e por a funcionar os Consellos Forestais a nivel de Distrito Forestal**, a política forestal débese de realizar de abaixo cara arriba fomentando a participación dende a base dos propietarios forestais, asociacións locais, pequenas e medianas empresas, organizacións de defensa da natureza, organizacións sindicais...

- Definir correctamente que é un bosque para diferenciar así os elementos de silvicultura e ordenación forestal axeitados para a súa xestión (pódese substituír por masa forestal autóctona ou outra definición para que non haxa problemas cos soutos).

- **Definición clara de monte** para evitar incertidumes, ademais é preciso que a definición sexa coherente coa Lei 43/2003 e coa propia definición no ámbito comunitario.

- Deberíase incluír na Lei de Montes a prohibición de introducir **especies de medre rápido** nas zonas ocupadas por masas autóctonas.

- Elaborar un mapa das masas autóctonas en Galicia buscando figuras de protección das mesmas e a creación dunha rede de ecosistemas forestais singulares e de seguimento da súa evolución.

- Creación dun **fondo para o patrimonio forestal**, co fin de apoiar a xestión forestal sustentable, a prevención estratéxica dos incendios forestais, a protección e conservación de ecosistemas forestais, o fomento de campañas de divulgación, formación, asesoramento...

- Definir que é ou que se entende por **cultivos enerxéticos** para evitar que se introduzan especies exóticas ou se planten aínda máis especies de medra rápida en detrimento dos ecosistemas forestais de Galicia, consideramos que se debe apostar pola compostaxe o mantemento dos solos e a recuperación de ecosistemas silvopastorais.



- A xestión dos montes veciñais en man común en estado de abando non se poden deixar en mans de empresas dependendo a súa finalización de ocupación da quenda de corta (con quendas de talla de máis de cen anos no caso de algunhas especies), deben ser xestionados conxuntamente (mixtos) dun xeito parecido aos montes con convenio.

- Engadir un artigo na Lei de Montes de Galicia que recolla os incentivos polas externalidades ambientais proporcionadas polos montes, cos seguintes apartados:

1.- A Consellería do Medio Rural regulará os mecanismos e condicións para incentivar as externalidades positivas dos montes ordenados.

2.- A concesión destes incentivos terá en conta os seguintes factores:

a) A conservación restauración e mellora da biodiversidade e da paisaxe.

b) A fixación de dióxido de carbono nos montes como medida de contribución a paliar o cambio climático.

c) A conservación dos solos e o réxime hidrolóxico nos montes como medida na loita contra a desertificación.

3.- Estes incentivos poderán consistir en subvencións, inversións directas pola Administración ou mediante o establecemento de acordos cos propietarios do monte para traballos dirixidos a xestión forestal sustentable.

**QUINTO: Anexo II, sobre o que consideramos en Amigos da Terra do que debe ser un Desenvolvemento Sustentable dos nosos Montes e Ecosistemas Forestais**

Mentras a meirande parte dos países da Unión Europea e do resto do planeta están a incorporar a preocupación sobre o cambio climático nas súas políticas forestais e medioambientais, no borrador da Lei de Montes de Galicia esquecéronse de recoller a necesidade de atopar o imprescindible equilibrio para un axeitado desenvolvemento sustentable dos ecosistemas forestais de Galicia. Incluso coa aplicación da lei tal e como esta plantexada pódese provocar a perda de superficie forestal e de biodiversidade en favor doutros usos como o urbanístico, o agrícola o gandeiro ou os cultivos enerxéticos.

A promoción da transformación de grandes superficies do monte a usos agrícolas e gandeiros de carácter intensivo, que fomenta o borrador da lei, supón unha ruptura co hábitat tradicional do mundo rural galego, perda da paisaxe e de parte do patrimonio cultural, etnográfico e medioambiental.

A relación entre conservación e utilización do monte e dos ecosistemas forestais non debe ser entre extremos diametralmente opostos: absoluto proteccionismo por unha banda e utilización explotadora por outra. A solución radica en usar os nosos montes de maneira sustentable asegurando a súa produtividade e a súa conservación.



Con vontade por parte do sector e con vontade política pode e debe lograrse o consenso imprescindible para conseguir unha política axeitada para o futuro dos montes do noso país.

Tamén se esqueceron de por en práctica as recomendacións recollidas na Resolución do Parlamento Europeo sobre a execución dunha estratexia forestal para a Unión Europea.

**\* Anexo III, Resolución Parlamento Europeo “Estratexia Forestal Europea”**

**SEXTO:** CONSIDERACIÓNS ESPECIFICAS, ACHEGAS e PROPOSTAS ao BORRADOR da LEI de MONTES de GALICIA (Maio de 2011)

**Artigo 2. Concepto de monte**

**Apartado c**

Non é razoable restrinxir ao concepto de monte só aos eidos que superen as 5 hectáreas continuas e que contén con 10 anos continuados de abandono. Este feito pode impedir a recuperación e consolidación de miles de hectáreas do bosque autóctono e concretamente pór en perigo os enclaves onde se conservan carballeiras, fragas, soutos...pondo en perigo tamén ao gran valor que teñen as paisaxes de mosaico.

Enténdese que o monte en Galicia presenta xa aos 5 anos síntomas inequívocos de estado de abandono. Ademais, débense establecer diferenzas en canto á vexetación presente en ditas parcelas, de tal xeito que se as parcelas conteñen arborado autóctono cun grao de cobertura superior ao 50% e cunha superficie continua de 0,5 hectáreas debería ser suficiente para ser considerada como monte. Porén, se a parcela presenta especies arbustivas e arborado autóctono espallado por ela ou especies de crecemento rápido, a superficie continua mínima para ser considerada monte debería ser superior, a 2 hectáreas.

*Noutras lexislacións forestais dos países do noso entorno consideran monte a toda superficie na que vexeten especies arbóreas, herbáceas ou matogueiras sempre que ocupen unha superficie superior a unha área (100 metros cadrados). 5 hectáreas como superficie mínima tendo en consideración a distribución territorial de Galicia deixaría fóra a centos de hectáreas a hora da aplicación da futura Lei de Montes.*

**Apartados novos**

Os bosques de ribeira, marxes de cauces públicos polos que descurren correntes de auga permanentes ou estacionais, continuas ou discontinuas, así como as marxes de enconos, lagos ou lagoas, que acollan o una que se poidan establecer masas de árbores, matogueiras ou comunidades herbáceas teñen a consideración de monte.

*Galicia conta con centos de hectáreas de bosques de ribeira que son monte e deben de aparecer recoñecidos como tal na presente Lei de Montes.*



Os pastizais instalados sobre terreos non agrícolas teñen a consideración de monte.

### **Art. 3. Principios da lei.**

Haberá que incorporar o seguinte apartado:

f) O interese social dos montes veciñais e a colaboración coas súas comunidades.

Apartado de vital importancia posto que o 25% do chan galego está clasificado como veciñal en mano común.

Con todo paréceme mais correcto e estruturado os principios que figuran na lei estatal no seu art. 3., posto que establece as sinerxias entre o mundo rural e os montes. Podéndose estruturar da seguinte maneira:

a. A xestión sostible dos montes, conforme ao cumprimento equilibrado da multifuncionalidade deles nos seus valores ambientais, económicos e sociais.

b. A planificación forestal no marco da ordenación do territorio.

c. A conservación e restauración da biodiversidade dos ecosistemas forestais.

d. O fomento das producións forestais e os seus sectores económicos asociados.

e. A participación na política forestal dos sectores sociais e económicos implicados, como tamén as diferentes administracións públicas. A creación de emprego e o desenrolo do medio rural.

f. A integración na política forestal galega dos obxectivos da acción estatal e internacional sobre protección do medio ambiente, especialmente en materia de desertificación, cambio climático e biodiversidade.

g. Principio ou enfoque de precaución, en virtude do cal cando exista unha ameaza de redución ou perda substancial da diversidade biolóxica non debe alegarse a falta de probas científicas inequívocas como razón para aprazar as medidas encamiñadas a evitar ou reducir ao mínimo esa ameaza.

h. Adaptación dos montes ao Cambio Climático, fomentando unha xestión encamiñada á resiliencia e resistencia dos montes ao mesmo.

i) O interese social dos montes veciñais e a colaboración coas súas comunidades.

### **Art.13. Clasificación dos montes pola súa titularidade.**

Art. 13.4.

Importancia que aparezan as características de indivisibilidade, inalienabilidade, imprescritibilidade e inembargabilidade, posto que fixan as limitacións ás que están suxeitos.

## **Art. 20. Montes veciñais en man común**

Modificar e expresaralo conforme a:

### **Artigo 1.da lei 13/89**

Son montes veciñais en mano común e se rexerán por esta Lei os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade **sen asignación de cuotas polos membros de aquelas na súa condición de veciños.**

### **Artigo 2.**

Os montes veciñais en man común **son bens indivisibles, inalienables, imprescritibles e inembargables**, no estando suxeitos a ningunha contribución de base territorial ni á cuota empresarial da seguridade social, de acordo co artigo 2.1 da Lei 55/1980.

En canto a segunda parte son as características destes montes, que figuran en tódalas leis dictadas ata o momento ( art..2.apartado b, da lei 52/1968; art.. 2 da lei 55/1980, e art. 2 da lei de Galicia 13/1989)

## **Artigo 21. Montes protectores.**

Debería de especificarse que os montes protectores incluídos en Espacios Naturais Protexidos, serán xestionados e regularanse dacordo coa lexislación que ampara a creación deses Espacios Naturais.

Consideramos que deberían de crearse máis figuras de montes, que definan e protexan as especiais condicións de determinados ecosistemas forestais:

Montes Periurbanos, Montes Protexidos, os propios dos Espacios Naturais Protexidos. Montes Preservados, aqueles que deban de preservarse por incluírse en zonas ZEPA.

Montes periurbanos : montes lindeiros con zonas urbanas e habilitados para unha utilización sociorecreativa en canto a accesibilidade, a existencia de infraestruturas e, en xeral a accións e dotacións que aumenten a súa capacidade de acollida para frear a presión da poboación no resto de ecosistemas forestais.



## Artigo 21. Montes Protectores

1. Poderán ser declarados protectores aqueles montes o terreos forestais de titularidade pública o privada que se encontren comprendidos en algún dos seguintes casos:

a. *Os situados en cabeceiras de cuncas hidrográficas e aqueles outros que contribuían decisivamente á regulación do réxime hidrolóxico, evitando ou reducindo aludes, riadas e inundacións e defendendo poboacións, cultivos ou infraestructuras.*

b. **Que se encontren nas áreas de actuación prioritaria para os traballos de conservación de solos fronte a procesos de erosión e de corrección hidrolóxico-forestal e, en especial, as dunas continentais.**

c. *Que eviten o reduzan os desprendementos de terras ou rochas e o aterramento de encoros e aqueles que protexan cultivos e infraestructuras contra o vento.*

d. Que se encontren nos perímetros de protección das captacións superficiais e subterráneas de auga.

e. **Que se encontren formando parte de aqueles tramos fluviais de interés ambiental incluídos nos plans hidrolóxicos de cuncas.**

f. **Que estean situados en áreas forestais declaradas de protección dentro dun PORN ou dun PORF.**

2. A declaración de monte protector farase pola Administración que teña competencia en materia de montes, previo expediente no que, en todo caso, deberán ser escoitados os propietarios e a entidade local onde radiquen. Igual procedemento seguirase para a desclasificación unha vez que as circunstancias que determinaron a súa inclusión desaparezan.

**Artigo 21.2.** Declaración de outras figuras de especial protección de montes.

a) Que contribuían a la conservación da diversidade biolóxica, a través do mantemento dos sistemas ecolóxicos, a protección da flora e a fauna ou a preservación da diversidade xenética.

b) **Que constituían ou formen parte de espacios naturais protexidos, áreas da Rede Natura 2000, reservas da biosfera u outras figuras legais de protección, ou se encontren nas súas zonas de influencia, así como os que constituían elementos relevantes da paisaxe.**

c) **Que estean incluídos dentro das zonas de alto risco de incendio.**

d) Pola especial significación dos seus valores forestais.

2. A declaración de outras figuras de especial protección de montes farase pola Administración forestal da comunidade autónoma correspondente, previo expediente no que, en todo caso, **deberán ser escoitados os propietarios e a entidade local onde radiquen.** Igual procedemento seguirase para a desclasificación unha vez que as circunstancias que determinaron a súa inclusión desapareceran.

**Artigo 21.3.** Rexistros de montes protectores e de montes con outras figuras de especial protección.

1. Nos rexistros de montes protectores e de montes con outras figuras de especial protección constarán as cargas, gravames e demais dereitos reais que soporten os montes incluídos neles.

3. Darase traslado ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño ao menos una vez ao ano, das inscricións o desclasificacións que practiquen nos rexistros.



**Artigo 21.4.** Montes protectores e con outras figuras de especial protección de titularidade privada (Montes Veciñais en Man Común).

1. A xestión dos montes protectores de titularidade privada corresponde aos seus propietarios, que deberán presentar á Administración forestal o correspondente proxecto de ordenación de montes **ou plan dasocrático, fomentándose a través do Fondo para o patrimonio natural**, caso de non dispoñer de instrumento de planificación de ordenación de recursos naturais ou forestais vixente na zona.

2. As limitacións que se establezan na xestión dos montes protectores e con outras figuras de especial protección por razón das funcións ecolóxicas, de protección ou sociais que cumpren poderán ser compensadas economicamente.

## **Capitulo V Deslinde dos montes**

### **Art. 52. Das fases do deslinde en MVMC**

Importante: **Cambiar situacións posesorias acreditadas por situacións de propiedade acreditadas.**

O motivo é obvio, se se considera as situacións posesorias, implicaría que se aplicaríase o principio da usucapión, co que desacredita este tipo de propiedade e posibilitaría a desaparición de moitos montes veciñais ao desaparecer o seu carácter de imprescritibilidade.

### **Art. 53. Do procedemento de deslinde entre MVMC**

53.1 Os actos de conciliación ante os Xulgados de Paz, aunque teñen eficacia xurídica, en caso de non realización do acto por futuras desavenencias, sería moito máis eficaz ir a un auto xudicial de conciliación ante a xurisdicción civil ordinaria conforme ao art. 517 da lei de enxuízamento civil.

### **Art. 54. Do procedemento de deslinde de MVMC con propiedades particulares.**

54.1. Quen o fai e a que custe, posto que conforme a la lei 13/89, tería que facelo obrigatoriamente e de forma gratuíta o órgano da administración que teña competencia en montes, en Galicia sería la Dirección Xeral de Montes.

Se debería seguir o mesmo procedemento que se describiu anteriormente para os montes de Utilidade Pública.

Como norma xeral nos deslindes ten que aparecer as figuras do Enxeñeiro operador e do Enxeñeiro xefe del Servicio. Tanto o Enxeñeiro operador como o Enxeñeiro xefe do Servicio deberían de pertencer ao Grupo A1, e ser titulados universitarios en materia de montes, en concordancia co que expresa o Regulamento de Montes.



#### **Art. 60. Cambios de actividade forestal a agrícola:**

Debido á fragmentación das carballeiras atlánticas e á ameaza existente da viabilidade xenética de *Quercus robur*, non se debe permitir o cambio de uso forestal en parcelas de máis de 5 hectáreas e con exemplares de máis de 5 anos e un grao de cobertura da especie mínimo do 40% en ningún caso. E sempre se debe pedir permiso ao servizo forestal cando o grao de cobertura da especie nas parcelas de máis de 3 hectáreas supoña máis do 50%.

Non se deberían modificar en ningún caso parcelas de arborado autóctono cando exista a dispoñibilidade a realizar o cambio de uso en parcelas de especies de crecemento rápido alóctonas. Estas solicitudes son acordes ao recollido no artigo 111 relacionado coa conservación do acervo xenético forestal.

#### **Art. 65: Restauración hidrolóxica forestal:**

Hai que limitar a plantación de eucaliptos en pendentes de máis do 30%, nunca se deben permitir a menos de 500 metros dun río, regato ou curso hídrico e en superficies maiores ás 25 hectáreas. Deberíase establecer a obriga de manter a vexetación (especialmente arborado autóctono) aos 500 metros periféricos á marxe de calquera curso de auga situado nun monte.

*Con elo conservaríamos os indispensables corredores biolóxicos que non só contribuiría ao fomento da biodiversidade, senón que constituiría unha auténtica rede de barreiras verdes contra o lume (áreas-devasas cortalumes).*

#### **Artigo 70. Concentración parcelaria en terreos forestais**

Incluir tres novos apartados:

A Consellería do Medio Rural establecerá as medidas a adoptar nos proxectos de concentración parcelaria para a restauración ambiental de seves, definido as unidades de vexetación arbórea e arbustiva a conservar.

Os montes concentrados manteran expresamente a súa calificación e o uso actual durante o proceso e unha vez entregadas as novas parcelas.

#### **Art. 92 Dos aproveitamentos madeirables**

Eliminación do apartado 92.2 e a súa modificación polo seguinte: No caso de que os aproveitamentos madeirables ou leñosos sexan para uso doméstico (que non superen os 10 m<sup>3</sup>/ano) e das especies recollidas dentro do Anexo I, o/a interesado/a en realizar o aproveitamento deberá realizar unha comunicación de corta indicando lugar e volume de madeira que se pretende cortar a Administración Forestal.

Deste xeito controlaríase mellor que cada usuario/a non pase deses 10 m<sup>3</sup>/ano en especies do Anexo I.

Eses aproveitamentos deben de contar coa autorización dos Servizos Forestais cando se realicen nos 500 metros periféricos a calquera curso fluvial.

Os clareos, as cortas de mellora ou de policía e os demais tratamentos silvícolas sen aproveitamento comercial, deben ser comunicados aos Servizos Forestais da Xunta de Galicia

### **Artigo 93. Aproveitamentos en masas consolidadas de frondosas autóctonas**

1. A Administración forestal inventariará aquelas masas de frondosas caducifolias autóctonas, cunha superficie en coto redondo de cando menos 10 hectáreas e cunha idade media de polo menos 10 anos.

Ese inventario deberá facerse público e estar dispoñible en formato electrónico na web da Consellería de Medio Rural.

### **Artigo 95. Da Biomasa**

Débese especificar neste apartado que especies deben quedar fóra deste aproveitamento. Non se debería en ningún caso realizar aproveitamentos en hábitats de interese prioritario e na súa contorna nun radio mínimo de 500 metros. Tampouco os aproveitamentos de biomasa deberían superar parcelas superiores ás 25 hectáreas cando sexan de especies do Anexo II e de 5 hectáreas continuas para especies autóctonas. Esta medida favorecería o mosaico e a heteroxeneidade dos hábitats en detrimento das superficies continuas e homoxéneas.

### **TITULO V. Das infraestructuras forestais**

É preciso unha maior regulación do tráfico de vehículos a motor en todo o espazo forestal polo que considero que se debe elaborar un novo artigo no que se estableza claramente por onde e quen pode circular polo monte en vehículos a motor.

Débese con carácter xeral a prohibición do uso de vehículos a motor que non esten relacionados coa xestión agroforestal, labouras de vixiancia e extinción. Será a Administración Forestal a que, excepcionalmente, autorice o tránsito aberto motorizado cando se comprobe a adecuación do vial, a correcta sinalización do acceso, a aceptación polos titulares, a asunción do mantemento e da responsabilidade civil.

Consideramos que se debe de ser máis restrictivos no uso dos montes en canto a circulación de vehículos a motor polos danos que están causando aos ecosistemas forestais (erosión, danos e perxuízos a explotacións forestais, explotacións agrogandeiras, ecosistemas silvopastorais, danos a flora e fauna, perigo para os propios usuarios dos camiños forestais...). A circulación indiscriminada e anárquica pon en perigo o mantemento do equilibrio ecolóxico a conservación dos ecosistemas naturais afecta aos dereitos e a calidade de vida da poboación rural.



Pode servir de exemplo que no caso de Cataluña incluso existe unha lei que regula tódolos aspectos da circulación no medio natural (LLei 9/1995, de 27 de xullo, Regulación do Acceso Motorizado ao Medio Natural, DOGC 2082, de 2 do 8 de 1995)

### **Artigo 98. pistas forestais.**

Realizarse unha planificación axeitada da rede de camiños forestais, débese de xustificar a súa viabilidade evitando o impacto sobre a paisaxe, a vexetación, ecosistemas de gran valor, a erosión, aproveitando no posible os camiños xa existentes.

#### Apartado 2:

Debérase xustificar sempre a utilidade das infraestruturas que se van a realizar, diferenciándose as zonas con masas xa arboradas das de nova repoboación.

#### Apartado 3:

Os camiños forestais, devasas, faixas abandonadas, parques de almacenamento de madeira ou calquera outra infraestrutura abandonada no medio natural, rexenerarase e repoboarase para evitar a súa progresiva degradación.

### **Circulación de vehículos a motor nos montes e ecosistemas forestais.**

Moitos incendios forestais ocorridos nos últimos anos escomenzan en zonas de gran uso antrópico próximas e dentro de zonas forestais, sendo as vías de comunicación unha das áreas usadas polos incendiarios de forma máis habitual.

Resulta imprescindible regular o acceso motorizado aos montes, limitar a velocidade dos usuarios que póla súa condición si poden acceder, limitar o peso de vehículos cando se usen estas vías (nas explotacións forestais o uso de vehículos de gran tonelaxe as veces producen mais danos nos camiños forestais que o diñeiro xenerado póla madeira aproveitada).

E preciso limitar a velocidade nos montes a unha velocidade máxima de 30 quilómetros hora.

É preciso limitar o asfaltado e formigonado de camiños en ecosistemas forestais, polo seu impacto medioambiental e por facer máis doado a entrada de persoas que atentan contra os montes.

### **Artigo 99: Da cadea monte-industria**

Engadir un novo apartado A Consellería do Medio Rural promoverá a creación de empresas de economía social para a xestión forestal.



## **Artigo 100. Mesa da Madeira**

A Mesa da Madeira naceu no seo do Consello Forestal de Galicia, na mesma é preciso integrar ademáis dos axentes da cadea monte-industria aos demais representantes do sector forestal (representados no Consello Forestal de Galicia) como garantes dunha explotación racional dos recursos forestais en Galicia.

## **Artigo 104. Comercio responsable de produtos forestais**

Nos procedementos de contratación pública a Xunta de Galicia adoptará as medidas oportunas para evitar a adquisición de madeiras e produtos derivados procedentes de talas ilegais de terceiros países e para favorecer aqueles procedentes de bosques certificados. Así mesmo, mediante campañas de divulgación, fomentará o consumo responsable destes produtos por parte dos cidadáns.

## **Artigo 105. Certificación forestal**

2. A Administración forestal promoverá e desenvolverá os sistemas de certificación forestal, garantindo que o proceso sexa voluntario, transparente e non discriminatorio, e velara porque ditos sistemas establezan requisitos en relación a criterios ambientais, económicos e sociais que permitan a súa homologación internacional.

Considerase que o texto proposto no borrador achegado pola administración só fala da cadea monte-industria o cal conlevaría a non homologación da certificación forestal a nivel internacional.

## **Educación Sensibilización Formación**

*(aspectos recollidos nos Artigos 106, 107 e 108, consideramos que se pode e débese ampliar)*

### **Educación a poboación**

Mentras o conxunto da poboación non entenda e non coñeza o valor dos montes e dos ecosistemas forestais para a vida no planeta non será doada a súa conservación e protección

*Mike Jurvelius, igual que outros estudiosos da problemática dos incendios e do valor dos ecosistemas forestais, experto da FAO en incendios forestais analizando a situación aconsellou:*



*“Investir en educación logrará reducir o número de incendios e os seus efectos económicos, ecolóxicos e sociais. O custo de campañas de formación sobre os riscos dos incendios forestais é moi baixo comparado, por exemplo, cos dun hidroavión antiincendios, que ten un custo medio de 4.000 euros por hora de voó”.*

Os seres humanos contamos coa protección dos bosques ao longo da historia. Neste último milenio a nosa relación coa foresta desequilibrouse, xa que a nosa civilización desenvolveuse a costa dunha grande perda do hábitat forestal. O noso reto presente e futuro consiste en restablecer o respecto ós bosques e ao monte como elementos básicos da diversidade da vida sobre a terra

A madeira é un dos recursos máis antigos usado polo ser humano, como fonte de enerxía e como materia prima, un recurso renovable imprescindible para o futuro da humanidade. Lonxe de reducirse a súa importancia, a demanda mundial de madeira é crecente, como atestiguan os informes da FAO, incremento da superficie obxecto de aproveitamento madeireiro do 130% entre 1960 e 1995, medre do consumo do papel nos países desenvolvimos na última década do 350%. Pola contra a deforestación a nivel global acada niveis alarmantes cunha achega media de 16 millóns de hectáreas ao ano.

Investigacións recentes indican que a perda de bosques intensifica o efecto invernadoiro, causado polo dióxido de carbono emitido polos combustibles fósiles. En cambio as follas das árbores absorben o dióxido de carbono retirándoo da atmósfera, **esto fainos imprescindibles como reguladores do clima**. A adaptación aos cambios climáticos globais vai a ser costosa, especialmente nas rexións de latitude media no Hemisferio Norde, todo apunta a que a tendencia á sequía reducirá as colleitas, acelerará a perda de biodiversidade e incrementara os danos por unha maior concentración de catástrofes naturais.

Se temos en consideración o informe realizado despois dun estudio pormenorizado (periodo 1968-2003) polo CSIC -estudio presentado no verán de 2005- onde se demostra que máis do 99% dos lumes forestais producidos en Galicia son provocados pola actividade humana, intencionadamente ou por negligencias, podemos concluir polo tanto que son evitables e en moitos casos previsibles. En Ourense a Fiscalía constata que 1 de cada 8 incendios forestais en España prodúcense na provincia de Ourense (ano 2004).

Traslado ao eido educativo dos contidos e coñecementos ambientais e fomento en toda a sociedade de valores que favorezan comportamentos compatibles coa preservación e mellora do medio natural e da posta en valor dos montes.

Nestas campañas formativas e informativas consideramos que as organizacións de defensa da natureza deben de cumprir un papel esencial.

Planos de formación específica para os traballadores e traballadoras forestais. Os planos de formación deben enfocarse especialmente a saúde laboral e a prevención de riscos laborais para disminuir e rematar coa alta siniestralidade existente nos traballos forestais.



Nas labores de formación fomentaráse a participación das asociacións profesionais do sector e dos distintos axentes sociais, propietarios, organizacións sindicais, organizacións medioambientais.

Consideramos que a formación e o perfeccionamento profesional tanto dos traballadores e traballadoras do sector público como do privado beneficia a calidade das actuacións e ao beneficio dos propietarios forestais e sociedade en xeral.

### **É preciso Implicar ao conxunto da sociedade na conservación dos nosos montes e ecosistemas forestais**

Entre as demandas que as distintas organizacións (políticas, sindicais, de defensa da natureza e sociais do conxunto do país) así como os distintos informes, estudos e propostas realizadas a nivel local, autónomo, estatal e de organismos internacionais o punto onde a coincidencia e maioritaria é na necesidade de levar adiante campañas de formación e sensibilización:

Os montes Veciñais en Galicia están constituídos por 2800 comunidades que posúen unhas 650.000 hectáreas de monte, a cuarta parte do territorio e un 33% do monte do país, estes montes aportan considerables beneficios non só os seus propietarios senon que ao conxunto da sociedade, lugares de lecer, pulmóns das cidades, biodiversidade, reguladores do ciclo da auga... inconcebiblemente o monte veciñal tampouco existe nos planos formativos do sistema educativo.

Para valorar os nosos ecosistemas forestais e o papel que os montes veciñais en man común cumpren, é preciso formar e informar as comunidades propietarias e o conxunto da sociedade, débense de elaborar e por en marcha campañas de concienciación e divulgación dirixidas a poboación en xeral.

## **Título IX Artigos 114 a 118**

### **Pragas, enfermidades forestais e defensa fitosanitaria.**

Considerando que a loita biolóxica debe ser unha ferramenta esencial na loita contra as plagas forestais, neste apartado da Lei de Montes de Galicia non hai unha soa referencia a mesma, polo que engadiría:

1.- Na planificación que se realice para a loita contra os principios axentes nocivos incluírase un sistema de detección precoz e un servizo de avisos, así como métodos de loita integrada.



2.- A protección dos montes contra axentes nócivos será, preferentemente de carácter preventivo, baseada na correcta xestión das masas e o desenvolvemento de prácticas silvícolas que favorezan a súa vitalidade e utilización no seu caso, de axentes biolóxicos que impidan ou freen o incremento das poboacións de axentes nocivos.

### **Artigo 127. Infracción en materia de montes**

Engadir outros usos que se deben prohibir e quen on aparecen recollidos no borrador da Lei de Montes

Quedan prohibidos, salvo expresa autorización da consellaría competente en materia forestal e sen prexuízo doutras autorizacións necesarias segundo a lexislación sectorial aplicábel en cada caso:

1. As accións que impidan ou limiten o normal comportamento das especies animais protexidas.
2. A recollida de produtos sometidos a autorización e de material vexetal, mineral ou de exemplares da fauna dos montes, salvo que se trate de mostras con fins científicos e contén coa preceptiva autorización.
3. O depósito de entullos, lixo, residuos ou escouras de calquera tipo ou natureza.
4. O uso daqueles elementos produtores de ruído, alleos á actividade agroforestal, que poidan alterar os hábitos do gando ou da fauna silvestre.
5. As acampadas, agás nos lugares expresamente permitidos.
6. A publicidade estática.
7. A actividade comercial ambulante.
8. O sinalamento mediante o apuntalamento nas especies forestais, danar, ferir ou clavar calquer obxeto así como os desgarramentos producidos as especies forestais con calquer elemento, mecánico ou manual.

### **Art. 131. Criterios para a gradación das sancións.**

Engadir: 131. g bis) “que a infracción sexa cometida nun espazo natural protexido. 131.j). Que a infracción teña lugar nun monte público ou veciñal en man común deslindado.



## **Disposición transitoria décima.**

Engadir:

Revisión de inicio de investigación de montes veciñais en man común.

1. Os montes veciñais en man común integrados nun expediente que, que pola súa antigüidade, non reúnan as características de fiabilidade e precisión que esixen as técnicas topográficas novas, ou en aquelas nas que se tivera incorrido nun erro de feito que resulte dos propios documentos incorporados ao expediente, poderán ser revisados mediante os procedementos previstos nos artigos 102 a 106 da lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Nestes casos, completárase o expediente con aqueles datos e documentos que se consideren necesarios e, previos aos trámites procedimentais que correspondan, dictarase a correspondente resolución por el Xurado Provincial de Montes Veciñais.

2. Unha vez feita a revisión, procederase ao sinalamento dos montes veciñais, que en todo caso debe axustarse ao plano que resulte de dicha revisión. O sinalamento poderás realizarse de oficio pola propia Administración ou con base a unha proposta formulada polas propias comunidades e sempre realizado de forma gratuíta por parte da Administración con competencias en montes, e deberá de ser aprobada polo Xurado Provincial de Montes Veciñais e publicado no DOG e na web da Consellería con competencias en materia de montes. Con posterioridade ao sinalamento se abrirá un prazo de alegacións de dous meses no que se excluirán os predios amparados por inscrición registral.

3. Se no procedemento de sinalamento se suscitaran cuestións relativas á propiedade, anularase todo o procedemento e a cuestión será resolta pola xurisdicción civil.

4. Unha vez feita a revisión e o sinalamento, a consellería competente en materia de montes expedirá unha certificación que conterá os requisitos necesarios esixidos na lei hipotecaria para poder inscribir a titularidade dos montes veciñais en mano común no Rexistro da Propiedade.

Por todo o anteriormente exposto,

**SOLICITAMOS:**



Que sen perxuízo de outras consideracións, estimamos a procedencia dunha ampliación de prazos aos axentes sociais que directa ou indirectamente estamos implicados no monte galego por se un período de participación pública notoriamente insuficiente.

A constitución dunha mesa-grupo de traballo (tal e como aparece recollido no Decreto 306/2004, do 2 de decembro, polo que se crea o Consello Forestal de Galicia), integrada por representantes de tódolos axentes implicados no sector forestal, de xeito que conxuntamente coa administración, se elabore un novo documento que poda recoller as aportacións, e tomando como referencia o proceso seguido na Lei de Montes estatal. Documento que unha vez elaborado sexa remitido ao sector, abríndose un novo proceso co obxecto de acadar o máximo consenso na redacción e posterior aprobación da futura Lei de Montes de Galicia.

Esperando ver aceptadas estas propostas, reciba un cordial saúdo

Ourense, 11 de xullo de 2011

Asdo.-

CONSELLERIA DE MEDIO RURAL \_ SANTIAGO DE COMPOSTELA